

Resolución do 6 de febreiro 2012, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o ingreso no corpo auxiliar da Xunta de Galicia, subgrupo C2

Na sesión que tivo lugar o día 6 de febreiro de 2012, o tribunal nomeado pola Orde do 16 de novembro de 2011 (DOG número 221, do 18 de novembro), para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no Corpo auxiliar da Xunta de Galicia, subgrupo C2, convocado pola orde do 21 de xullo de 2011 (DOG número 142, do 26 de xullo), e de conformidade co disposto nas bases da convocatoria, adoptou os seguintes acordos:

Primeiro. - Modificar, baseándose nas alegacións presentadas, as puntuacións obtidas no primeiro exercicio da fase de oposición de dous opositores, que quedan como segue:

DNI	APELIDOS E NOME	PUNTUACIÓN
34968725P	Ramón Ruiz Nieto	15,35
52936488X	Irene López Sampedro	11,07

Segundo. - Desestimar na súa totalidade as restantes alegacións presentadas en relación coas puntuacións do primeiro exercicio.

Terceiro. - Realizar os trámites oportunos para a publicación destes acordos no recinto da Feira Internacional de Silleda, no taboleiro de anuncios do Servizo de Información e Atención ao Cidadán da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e na páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es).

Cuarto.- Que o segundo exercicio do proceso selectivo para o ingreso no corpo auxiliar da Xunta de Galicia, subgrupo C2, realizárase o día 25 de febreiro de 2012 no auditorio do recinto da Feira Internacional de Silleda, en chamamento único que se iniciará ás 11:00 horas.

Os/as aspirantes terán que presentarse provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, ao xuízo do tribunal. Así mesmo deberán ir provistos/as de lapis do nº 2 e goma de borrar.

Cada pregunta contará con catro (4) respostas alternativas, das cales só unha delas será a correcta.


Non se permitirá no recinto onde se realice o exercicio o acceso e tenza de teléfonos móbiles, axendas ou demais dispositivos de carácter electrónico. Así mesmo, queda prohibido o acceso ao recinto con calquera outro material ou instrumento do que se poida valer o/a aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Advírtese que non haberá servizo de recollida de teléfonos móbiles.

Quinto.- Contra estes acordos poderá interpoñerse recurso de alzada segundo o previsto nos artigos 114 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2012

O presidente do tribunal

B/Blasco



Alfonso Blasco García